

ANUNCIO DO NOMEAMENTO DO XURADO DOS PREMIOS DE TURISMO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PREM-TUR 2025

De acordo co establecido na base sexta da convocatoria dos II Premios de Turismo da Deputación da Coruña, onde se premian as mellores iniciativas turísticas provinciais nos eidos da sustentabilidade, innovación, proxectos emerxentes, enogastronómicos e a toda unha vida, por resolución da presidencia número 2025/53792, de 13 de novembro, foi nomeado o xurado do premio, que queda composto polas seguintes persoas:

- Presidente:** Xosé Regueira Varela deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria e Vicepresidente da Deputación da Coruña ou no seu caso Silvia María Seixas Naia, técnica de gabinete do departamento de Vicepresidencia.
- Secretaria:** Silvia Pérez Fraga, técnica de turismo da Deputación da Coruña
- Vogais:** Ana María Iglesias Sixto
María Elvira Lezcano González
Jorge Guitián Castromil
Cesáreo González Pardal

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e co artigo 24 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, poderán os interesados promover, se é o caso, a recusación dos seus membros.

O anuncio estará exposto un mes desde a data de publicación.

O presidente
Valentín González Formoso

O secretario,
Miguel Iglesias Martínez